PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2018 16:38
Nº Rexistro: 27735
Data envio: 12/03/2018 16:38:08.636

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa do deputado **Jacobo Moreira Ferro,** ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, **10/PNC-001740 (21167),** sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas abrigas adquiridas no convenio asinado coa Deputación Provincial de Pontevedra no ano 1991, e ratificado no ano 2000, respecto da **conservación do pazo de Lourizán.**

Emenda de substitución

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a acordar coa Deputación Provincial de Pontevedra, propietaria do edificio, a execución das obras de rehabilitación que fosen necesarias, determinándose a participación económica da Xunta en función do tempo de cesión que reste segundo o convenio actualmente en vigor. Nese acordo poderá preverse, nas condicións que se determinen, a participación de entidades privadas que manifestaran o seu interese, manténdose en todo caso a titularidade pública do inmoble".

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 12/03/2018 16:36:25

Jacobo Moreira Ferro na data 12/03/2018 16:36:35

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com